

MUSEO DE PONTEVEDRA

# Para ser grumete


**Obradoiro didáctico**



Deputación  
Pontevedra



Museo de Pontevedra



O Museo de Pontevedra, Organismo Autónomo da Deputación Provincial, convoca por cuarto ano consecutivo o obradoiro didáctico titulado **Para ser grumete** .

Está orientado a persoas de calquera profesión ou nivel de estudos interesadas en realizar actividades relacionadas co mundo das descubertas e viaxes oceánicas (s.s. XV-XIX), cos mariños que participaron nelas, cos instrumentos de navegación utilizados, cos tipos de barcos que as protagonizaron e coa terminoloxía náutica empregada naquel tempo.

Consta de 12 sesións de dúas horas a razón dunha sesión por semana que se desenvolverá a partir do 12 de marzo todos os xoves de cinco a sete.

Como complemento das sesións celebradas no Museo, para os asistentes que o desexen, se realizará unha sesión práctica de navegación a vela nas embarcacións tradicionais da Asociación Os Galos de Bueu.

As persoas que queiran participar ou recibir máis información sobre esta actividade gratuíta de carácter divulgativo poderán contactar co Gabinete Didáctico persoalmente ou ben na dirección de correo electrónico [gabinetedidactico@museo.depontevedra.es](mailto:gabinetedidactico@museo.depontevedra.es) ou nos teléfonos seguintes: 986843238 - 986851455. Tamén poden consultar a páxina web [www.museo.depontevedra.es](http://www.museo.depontevedra.es) .